



Acta de reunión

Órgano convocado	ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2021								
Lugar de reunión	AULA SALÓN DE ACTOS			Ordinaria	<input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>	Urxente	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	1_2021/22	Data	14-09-2021	Hora inicio	19:00	Hora remate	20:00		
Moderador/a	Director: Xosé Euloxio Santos Leites								
Secretario/a	Secretaria: Mercedes Couto García								
Propósito	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior. 2. Calendario escolar 3. Aprobación, se proceder, da participación na convocatoria de club de lectura 2021 4. Aprobación, se proceder, da participación na convocatoria de contrato-programa 2021 5. Aprobación, se proceder, da participación na convocatoria EDUEXCHANGE 6. Información da posta en marcha do curso 2021/22. Comunicación financiación FSE 7. Informacións de matrícula. 8. Autorización para a saída nos periodos de lecer do alumnado de ensinanza posto-brigatoria 9. Rogos e preguntas 								
Asistentes	<p>DIRECTOR:Euloxio Santos Leites.XEFE ESTUDIOS: Anxo Rodríguez Rodríguez.</p> <p>SECRETARIA: Mercedes Couto García.</p> <p>PROFESORADO: Montserrat Paz Núñez,Seara Escudero, Santos,,Magariños Rey, Mº Jesús,Rodríguez Nieto, Mónica,Martín Bejarano, Rosa</p> <p>PAS</p> <p>PAIS/NAIS: Dotras Botas, Marta.Prieto Morgadas Araceli, Mº Mar Cerviño Escaneo</p> <p>ALUMNOS/AS:</p> <p>CONCELLO:</p>								

Temas tratados

No **primeiro** punto da orde do día, sométese a votación a acta do CE do día 25 de xuño que foi enviada xunto coa convocatoria, e non habendo observacións á mesma, apróbbase por unanimidade.

No **segundo** punto da orde do día, o Director presenta o calendario do curso escolar, cuxo borrador foi enviado por correo electrónico coa convocatoria do Claustro. Basicamente contempla o seguinte:

- **ESO e Bacharelato** comezan as clases o día 15. **Ciclos e FPB** o día 16 de setembro.
- **Nadal**: do 22 de decembro ata o 7 de xaneiro, ambos os dous inclusive.
- **Semana Santa**: do 11 ao 18 de abril, ambos os dous inclusive.
- **Entroido**: 28 de Febreiro 1 e 2 de marzo.
- O día do **Ensino**: 11 de outubro.

Este curso hai que elixir 1 día de disposición do centro, debido a que un dos festivos locais coincide en días non lectivos. Acórdase solicitar o día 7 de decembro

No **terceiro** punto da orde do día, o Director informa que para acollerse ás axudas dos “Clubs de lectura 2021” convocados pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Con tal motivo, infórmase do proxecto para este curso que serán dous un de castelán para 1º e 2º da ESO coordinado pola profesora María Fontela e outro en galego para 3º e 4º da ESO coordinado pola profesora Iria Muñiz e, a continuación, sométese a votación. Apróbbase por unanimidade este proxecto e a súa solicitude.



No **cuarto punto** da orde do día, infórmase que está aberto o prazo para solicitar contratos programa para o curso 2021/22, propónse solicitar : Un programa da modalidade CPINNOVA enfocado ao ámbito do aforro enerxético e dirixido a alumnado da ESO , bacharelato e FP e tamén os xa desenvolto o curso pasado na modalidade IGUALA-T, CONVIVE-T , INCLUDE-T e EMOCIONA-T destinados a mellora convivencia no centro., e outro da modalidade 4 de mellora da convivencia. Sométese a votación e apróbbase por unanimidade.

No **quinto punto** da orde do día infórmase que está aberta a convocatoria para o programa EDUEXCHANGE para intercambios en liña. O departamento de francés propón acollerse ao mesmo para o alumnado de 1º e 2º da ESO. Apróbbase por unanimidade

No **sexto punto** da orde do día, o Director informa da financiación achegada para este ano por parte do FSE para financiar os grupos de PMAR que ascende a cuantía de 34.286 euros así como da derivada dos fondos New Generation da Unión Europea por importe de 30.000 e 8.200 euros para financiar o curso de especialización de fabricación intelixente e a implantación da nova FP respectivamente.

Así mesmo, o Director presenta os Plans de adaptación á situación COVID-19 e o Plan de continxencia, redactados de acordo ao protocolo elaborado pola Consellería de Educación para retomar as clases en setembro. Sucédense ao respecto numerosas intervencións con preguntas sobre distintos aspectos da organización da volta ás aulas: ratios, medidas de prevención, etc.; Unha vez exposto, o Director pide ao profesorado a súa colaboración no mantemento das medidas de prevención e distanciamento entre o alumnado, así como na vixilancia da aplicación dos protocolos nas entradas, saídas e durante as clases.

No **séptimo punto** da orde do día, o Director informa da situación do estado da matrícula nos diversos cursos, podendo resumirse en que está completa en tódolos cursos de ESO, Bacharelato e tamén de FP onde destaca un repunte da matrícula na familia de Edificación, e con problemas no bacharelato de ciencias de adultos no primeiro curso con un solo alumno matriculado

No **octavo punto** da orde do día, acórdase autorizar a saída ao exterior do recinto do alumnado de ensinanzas postobrigatorias sempre e cando conten con autorización por escrito dos seus responsables legais.

En **rogos e preguntas** non se producen intervencións.

- A profesora Mónica Rodríguez, solicita explicacións sobre a aplicación dos fondos FSE.
- A nai Marta Dotras pregunta sobre a posibilidade de organizar actividades por parte da ANPA e respódelle o director que sempre de acordó co marcado polo protocolo para o presente curso.
- Mar cerviño tamén pregunta sobre a posibilidade de organizar actividades por parte do centro, o director responde que sempre que a situación sanitaria o permita

Acordos

- a. Aprobación do calendario escolar 2021/2022.
- b. Aprobación da solicitude de club de lectura para o curso 2021/22.
- c. Aprobación da solicitude de contrato programa para o curso 2021/22.
- d. Aprobación da participación no programa EDUEXCHANGE

Visto e praxe moderador/a

Euloxio Santos Leites

O/A secretario/a

Mercedes Couto García